



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE XULLO DO 2023.

Sesión 12/2023-P

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p>Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López</p> <p>Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p>Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><u>NON ASISTE</u></p> <p>D. Breogán Blanco González (UPSA) (con excusa)</p> <p><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 27 de xullo do 2023, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de xuño do 2023 do Concello de Sada.

1º.- DACIÓN DE CONTA RELATIVA AO GRUPO MIXTO E DA SÚA REPRESENTACIÓN NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.



A Corporación dáse por informada da seguinte comunicación, para os efectos do art. 25 do ROF, que consta no expediente:

«Dona Almudena Pena Álvarez, concelleira pola formación do PSdeG-PSOE e don Emilio Graña Mosquera, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, os dous integrantes do Grupo Mixto neste concello, DICIMOS:

Que, tal e como se expresou na sesión plenaria celebrada o pasado 11 de xullo, mediante este escrito comunicamos o seguinte:

Primeiro.- Designase como voceira do Grupo Mixto a dona Almudena Pena Álvarez e como suplente a don Emilio Graña Mosquera.

Segundo.- Con respecto das comisións informativas, trasladamos o seguinte:

- Comisión Informativa Xeral: designamos titular a dona Almudena Pena Álvarez e suplente a don Emilio Graña Mosquera.
- Comisión Informativa de Urbanismo: designamos titular a dona Almudena Pena Álvarez e suplente a don Emilio Graña Mosquera.
- Comisión Especial de Contas e Facenda: designamos titular a don Emilio Graña Mosquera e suplente a dona Almudena Pena Álvarez.
- Comisión Especial de Servizos Sociais: designamos titular a don Emilio Graña Mosquera, e suplente a dona Almudena Pena Álvarez.

Terceiro.- En canto á asignación económica que lle corresponde a este Grupo Mixto, os seus membros interesan que a dita cantidade sexa repartida por metade entre os dous membros, mediante as respectivas transferencias bancarias a sendas contas que comunicaremos para os efectos; procedendo por conseguinte cada un deles a presentar a xustificación da parte que lle corresponde de maneira individual.

Polo exposto,

SOLICITAMOS: Que, tendo por presentado este escrito, se admita, tendo por efectuadas as manifestacións nel contidas, acordando de conformidade co solicitado a todos os efectos procedentes».

2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS RELATIVAS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

A Corporación dáse por informada das seguintes resolucións da Alcaldía:

«Decreto da alcaldía núm. 1411/2023, do 18.07.2023. Modificación decreto de alcaldía núm. 1221/2023 do 23.06.2023.

Con data 23.06.2023 ditouse decreto de alcaldía para creación de XGL, atribución de competencias e nomeamento de tenentes de alcalde e concelleiros delegados.

Logo de terse asinado polo departamento de intervención-tesourería púxose de manifesto a esta alcaldía que é preciso modificar as seguintes competencias delegadas na XGL:

“Autorización e disposición de gastos e recoñecemento e liquidación de obrigas a partir da cifra de 12.000 euros, con exclusión dos gastos ordinarios de carácter periódico e obrigatorios ou urxentes.

- Recoñecemento e liquidación dos dereitos que se recadan mediante padrón ou lista cobratoria, así como dos restantes dereitos relativos a asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local.

- As atribucións da Alcaldía en materia de contratacións e concesións de toda clase, sempre que o presuposto do contrato exceda de 12.000 euros, para os contratos de obras, e de 6.000 euros, para o resto de contratos”.

E substituílas pola seguinte redacción:

“-As competencias que correspondan aos alcaldes como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos, os contratos administrativos especiais, os contratos privados, así como a adxudicacións de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor estimado supere os 12.000 €. A presente delegación inclúe a xestión orzamentaria da autorización e disposición do gasto así como o recoñecemento da obrigas para as contratacións incluídas na mesma. Estará excluído o recoñecemento da obriga nos contratos periódicos ou de tracto sucesivo.

-As competencias que correspondan aos alcaldes relativas á execución orzamentaria do resto de gastos non incluídos no apartado anterior para a autorización e disposición dos mesmos, así como o recoñecemento das obrigas, cando o importe da operación concreta supere os 12.000 €. Estará excluído o recoñecemento da obriga nos gastos de persoal e nos periódicos ou de tracto sucesivo.

- Recoñecemento e liquidación dos dereitos que se recadan mediante padrón ou lista cobratoria con periodicidade anual, así como dos restantes dereitos relativos a asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local”.

Ademais no dito decreto faltaba incluír a hora das sesións ordinarias da XGL e o establecemento do réxime de sesións conforme á periodicidade que establece o art. 112.2 do ROF, ao que deberá adaptarse o ROM.

En virtude das competencias establecidas nos art. 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, os art. 29, 30 e 31 do Regulamento Orgánico municipal e 43, 44, 46, 47 e 52 do Regulamento aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, RESOLVO:



RESOLVO:

Primeiro.- Modificar o decreto de alcaldía núm. 1221/2023 do 23.06.2023, quedando redactado o apartado 2º da seguinte maneira:

“- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións correspondentes á Alcaldía que seguidamente se relacionan, revocando asemade todas as anteriores delegacións efectuadas a favor do dito órgano:

- As competencias que correspondan aos alcaldes como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos, os contratos administrativos especiais, os contratos privados, así como a adjudicacións de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor estimado supere os 12.000 €. A presente delegación inclúe a xestión orzamentaria da autorización e disposición do gasto así como o recoñecemento da obrigas para as contratacións incluídas na mesma. Estará excluído o recoñecemento da obriga nos contratos periódicos ou de tracto sucesivo.

-As competencias que correspondan aos alcaldes relativas á execución orzamentaria do resto de gastos non incluídos no apartado anterior para a autorización e disposición dos mesmos, así como o recoñecemento das obrigas, cando o importe da operación concreta supere os 12.000 €. Estará excluído o recoñecemento da obriga nos gastos de persoal e nos periódicos ou de tracto sucesivo.

- Recoñecemento e liquidación dos dereitos que se recadan mediante padrón ou lista cobratoria con periodicidade anual, así como dos restantes dereitos relativos a asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local.

- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Presuposto.

- As atribucións da Alcaldía en materia de adquisición de bens e dereitos e de alleamento do patrimonio, cando a contía da operación exceda de 12.000 euros.

- Aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización”.

Segundo.- Establecer a hora das sesións ordinarias da XGL ás 9:00 dos xoves, cada 15 días, periodicidade que entrará en vigor unha vez se modifique o ROM.

Terceiro.- Publicar o presente decreto no no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos e será comunicada ao Pleno na primeira sesión que o dito órgano celebre.

Decreto da alcaldía núm. 1423/2023, do 19.07.2023. Corrección de erro na resolución núm. 1411/2023, do 18.07.2023.

Con data 18.07.2023 ditouse o Decreto de alcaldía núm. 1411/2023 que modificaba o de 23.06.2023 para creación de XGL, atribución de competencias e nomeamento de tenentes de alcalde e concelleiros delegados.

Detéctase un erro nos seguintes parágrafos, debéndose suprimir o referido ao ROM:

“Ademais no dito decreto faltaba incluír a hora das sesións ordinarias da XGL e o establecemento do réxime de sesións conforme á periodicidade que establece o art. 112.2 do ROF, ao que deberá adaptarse o ROM”.

“Segundo.- Establecer a hora das sesións ordinarias da XGL ás 9:00 dos xoves, cada 15 días, periodicidade que entrará en vigor unha vez se modifique o ROM”.

O correcto é:

“Ademais no dito decreto faltaba incluír a hora das sesións ordinarias da XGL e o establecemento do réxime de sesións conforme á periodicidade que establece o art. 112.2 do ROF”.

“Segundo.- Establecer a hora das sesións ordinarias da XGL ás 9:00 dos xoves, cada 15 días”.

Considerando o disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e en virtude das atribucións conferidas polo art. 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

1º.-Corrixir o Decreto de alcaldía núm. 1411/2023 nos termos expostos, quedando a seguinte redacción trala corrección:

“Con data 23.06.2023 ditouse decreto de alcaldía para creación de XGL, atribución de competencias e nomeamento de tenentes de alcalde e concelleiros delegados.

Logo de terse asinado polo departamento de intervención-tesourería púxose de manifesto a esta alcaldía que é preciso modificar as seguintes competencias delegadas na XGL:

“- Autorización e disposición de gastos e recoñecemento e liquidación de obrigas a partir da cifra de 12.000 euros, con exclusión dos gastos ordinarios de carácter periódico e obrigatorios ou urxentes.

- Recoñecemento e liquidación dos dereitos que se recadan mediante padrón ou lista cobratoria, así como dos restantes dereitos relativos a asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local.

- As atribucións da Alcaldía en materia de contratacións e concesións de toda clase, sempre que o presuposto do contrato exceda de 12.000 euros, para os contratos de obras, e de 6.000 euros, para o resto de contratos”.



E substituílas pola seguinte redacción:

“- As competencias que correspondan aos alcaldes como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos, os contratos administrativos especiais, os contratos privados, así como a adjudicacións de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor estimado supere os 12.000 €. A presente delegación inclúe a xestión orzamentaria da autorización e disposición do gasto así como o recoñecemento da obriga para as contratacións incluídas na mesma. Estará excluído o recoñecemento da obriga nos contratos periódicos ou de tracto sucesivo.

-As competencias que correspondan aos alcaldes relativas á execución orzamentaria do resto de gastos non incluídos no apartado anterior para a autorización e disposición dos mesmos, así como o recoñecemento das obrigas, cando o importe da operación concreta supere os 12.000 €. Estará excluído o recoñecemento da obriga nos gastos de persoal e nos periódicos ou de tracto sucesivo.

- Recoñecemento e liquidación dos dereitos que se recadan mediante padrón ou lista cobratoria con periodicidade anual, así como dos restantes dereitos relativos a asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local”.

Ademais no dito decreto faltaba incluír a hora das sesións ordinarias da XGL e o establecemento do réxime de sesións conforme á periodicidade que establece o art. 112.2 do ROF.

En virtude das competencias establecidas nos art. 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, os art. 29, 30 e 31 do Regulamento Orgánico municipal e 43, 44, 46, 47 e 52 do Regulamento aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, RESOLVO:

Primeiro.- Modificar o decreto de alcaldía núm. 1221/2023 do 23.06.2023, quedando redactado o apartado 2º da seguinte maneira:

“2º.- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións correspondentes á Alcaldía que seguidamente se relacionan, revocando asemade todas as anteriores delegacións efectuadas a favor do dito órgano:

- As competencias que correspondan aos alcaldes como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos, os contratos administrativos especiais, os contratos privados, así como a adjudicacións de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor estimado supere os 12.000 €. A presente delegación inclúe a xestión orzamentaria da autorización e disposición do gasto así como o recoñecemento da obriga para as contratacións incluídas na mesma. Estará excluído o recoñecemento da obriga nos contratos periódicos ou de tracto sucesivo.

-As competencias que correspondan aos alcaldes relativas á execución orzamentaria do resto de gastos non incluídos no apartado anterior para a autorización e disposición dos mesmos, así como o recoñecemento das obrigas, cando o importe da operación concreta supere os 12.000 €. Estará excluído o recoñecemento da obriga nos gastos de persoal e nos periódicos ou de tracto sucesivo.

- Recoñecemento e liquidación dos dereitos que se recadan mediante padrón ou lista cobratoria con periodicidade anual, así como dos restantes dereitos relativos a asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local.

- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Presuposto.

- As atribucións da Alcaldía en materia de adquisición de bens e dereitos e de alleamento do patrimonio, cando a contía da operación exceda de 12.000 euros.

- Aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización”.

Segundo.- Establecer a hora das sesións ordinarias da XGL ás 9:00 dos xoves, cada 15 días.

Terceiro.- Publicar o presente decreto no no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos e será comunicada ao Pleno na primeira sesión que o dito órgano celebre».

3º.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 02/23: SUBVENCIONS NOMINATIVAS 2023.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 20 de xullo do 2023, que recolle:

«Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución 02/23 incluíndo un apartado 5 a) co seguinte contido

a) As previstas nominativamente no Orzamento, nos termos recollidos nos respectivos convenios e normativa reguladora destas, que polo súa natureza non sexan obxecto de concorrencia competitiva e que responden ao seguinte detalle para o exercicio 2023:

Para gasto corrente nos fins que lles son propios segundo cadanseu obxecto social:

Beneficiario	Aplicación Orzamentaria	Importe
ASPACÉ	2310.48016	6.000,00
ASPACÉ Patronato	2310.48016	1.200,00
Cáritas	2310.48016	3.000,00



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000012

Cruz Vermella	2310.48016	3.000,00
Solidariedade Galega co Pobo Saharauí	2310.48016	2.000,00
ANMPA Pedro Barrié de la Maza	326.48016	3.000,00
CEIP Mosteirón	326.48016	3.000,00
ANPA Sada y Contornos	326.48016	3.500,00
ANPA Mosteirón	326.48016	3.000,00
IES Mosteirón	326.48016	1.500,00
CEIP Sada y Contornos	326.48016	3.000,00
CEIP Pedro Barrié de la Maza	326.48016	4.500,00
ANPA Virxe do Carme	326.48016	600,00
IES Isaac Díaz Pardo	326.48016	3.500,00
ANPA Isaac Díaz Pardo	326.48016	3.000,00
Total subvenciones nominativas		43.800,00

Segundo.- Dispor, en aplicación da Base de execución segunda do orzamento municipal e artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal; do sr. Graña Mosquera (GM), quen expón a postura dende o BNG; da sra. Nogareda Marzoa (UPSA); e do presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 3 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución 02/23 incluíndo un apartado 5 a) co seguinte contido

a) As previstas nominativamente no Orzamento, nos termos recollidos nos respectivos convenios e normativa reguladora destas, que polo súa natureza non sexan obxecto de concorrencia competitiva e que responden ao seguinte detalle para o exercicio 2023:

Para gasto corrente nos fins que lles son propios segundo cadanseu obxecto social:

Beneficiario	Aplicación Orzamentaria	Importe
ASPACE	2310.48016	6.000,00
ASPACE Patronato	2310.48016	1.200,00
Cáritas	2310.48016	3.000,00
Cruz Vermella	2310.48016	3.000,00
Solidariedade Galega co Pobo Saharauí	2310.48016	2.000,00
ANMPA Pedro Barrié de la Maza	326.48016	3.000,00
CEIP Mosteirón	326.48016	3.000,00
ANPA Sada y Contornos	326.48016	3.500,00
ANPA Mosteirón	326.48016	3.000,00
IES Mosteirón	326.48016	1.500,00
CEIP Sada y Contornos	326.48016	3.000,00

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000012

CEIP Pedro Barrié de la Maza	326.48016	4.500,00
ANPA Virxe do Carme	326.48016	600,00
IES Isaac Díaz Pardo	326.48016	3.500,00
ANPA Isaac Díaz Pardo	326.48016	3.000,00
Total subvenciones nominativas		43.800,00

Segundo.- Dispor, en aplicación da Base de execución segunda do orzamento municipal e artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 20 de maio do 2023 (núm. 958) ata o 20 de xullo do 2023 (núm. 1428).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 20 de maio (núm. 958, do expediente 2023/G003/001010) ata o 20 de xullo do 2023 (núm. 1428, do expediente 2023/G003/001492), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

A continuación o presidente, sr. Portela Fernández (SM), indica que antes de pasar á quenda de mocións hai dúas dacións de conta tanto pola concelleira delegada de Deporte, sra. Mouriño Neira (SM), con relación á situación da piscina municipal; como do concelleiro delegado de Cultura, sr. Villar López (SM), con relación á situación da concellería de Cultura, que pasan a expoñer.

B. Mocións.

Única.- Moción relativa a ampliación do servizo de rehabilitación funcional/fisioterapia no centro de saúde en quenda de tarde.

A sra. Pena Álvarez (GM) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo mixto, que a continuación se reproduce literalmente:

«Dna. Almudena Pena, concelleira do Grupo Municipal Mixto PSdeG-PSOE-BNG do Concello de Sada, ao abeiro do artigo 64.1 do ROM presenta para a súa consideración no Pleno a seguinte

MOCIÓN relativa a ampliación do servizo de rehabilitación funcional/fisioterapia no centro de saúde en quenda de tarde

Exposición de motivos

Na sesión plenaria celebrada o 30 de Xaneiro de 2003 o G.M Socialista presentou unha moción para a ampliación do servizo de fisioterapia na quenda de tarde no Centro de Saúde de Sada que foi aprobada polo Pleno pero vinte anos máis tarde seguimos sen este servizo.

Contar co beneficio de fisioterapia en quenda de tarde no PAC de Sada suporía aumentar a accesibilidade, facilitaría a conciliación e a produtividade laboral e contribuiría a reducir a duración das incapacidades laborais coa conseguinte redución das listas de espera de mellora das prestacións sanitarias aos veciños de Sada e de Bergondo.

Resulta pertinente e oportuna esta moción posto que a dotación de persoal sanitario para atender este servizo (2 fisioterapeutas) permitiría cumprir as ratios recomendadas de 1 fisioterapeuta/ 20.000 habitantes para o PAC Sada-Bergondo.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



Resulta tamén oportuna a consideración xa que o aumento da esperanza de vida e o envellecemento da poboación, maioritariamente adulta, con idades por enriba dos 60 anos (usuarios potenciais maioritariamente desta prestación) constitúe un criterio engadido para mellorar a calidade de vida e potenciar o envellecemento saudable.

Polo antedito, propoñemos ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

-Solicitar á xerencia da área sanitaria de A Coruña a dotación, de forma inmediata, do persoal necesario para proporcionar prestación de rehabilitación/fisioterapia nas quendas de mañá e tarde no PAC Sada-Bergondo».

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 3 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

Debátase a moción, coas intervencións do sr. Graña Mosquera (GM); da sra. Arias Ferreiro (PP), da sra. Nogareda Marzoa (UPSA); do sr. Villar López (SM); e do presidente, sr. Portela Fernández (SM), quen dá unha información relacionada con esta moción, en relación cun novo emprazamento para o Centro de Saúde.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 3 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Solicitar á xerencia da área sanitaria de A Coruña a dotación, de forma inmediata, do persoal necesario para proporcionar prestación de rehabilitación/fisioterapia nas quendas de mañá e tarde no PAC Sada-Bergondo.

C. Rogos e preguntas.

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), fai un rogo para a mellora da ordenación do entorno do espazo de acceso o pazo de Meirás.

Dá resposta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Pena Álvarez (GM-PSdeG-PSOE) fai tres rogos:

1º.- Que se axilice a apertura para o uso da pista de patinaxe.

2º.- Atención os bloques do muro que hai no camiño da Queira, de Sada de Arriba a Riovao.

3º.- Que se inste ao Consorcio das Mariñas para que limpen os contedores do lixo, se repoñan os escachados e mesmo se recolla o lixo con máis frecuencia.

Contestan o presidente, sr. Portela Fernández (SM), e o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado de Obras, Servizos e Medioambiente.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG), pregunta polas autorizacións e conformidade coa legalidade dunhas actuacións que di que se efectuaron nos terreos das Brañas.

Interveñen con respecto desta pregunta a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), ofrecendo explicacións para os efectos; o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado de Obras, Servizos e Medioambiente, quen se compromete a revisar o expediente e facilitar a información correspondente; e mesmo o presidente, sr. Portela Fernández (SM), quen fai precisións do actuado diferenciando por parcelas.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSdeG-PSOE) formula as seguintes preguntas:



1ª.- Pregunta con respecto da Feira Modernista deste ano por que se celebra o centenario da chegada do tranvía, que xa non existe, a Sada e non se celebra o centenario da inauguración da apertura do edificio de La Terraza, o 29 de xuño do 1923, que si existe.

Contesta o sr. Villar López, concelleiro delegado de Cultura e Normalización Lingüística; intervén tamén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), por alusións.

2ª.- Pregunta a canto ascenden os avais depositados polos madeireiros para garantir a reparación dos camiños que estragaron, que inspeccións se realizaron, se existe unha valoración económica do custe das reparacións e se está prevista realizar a súa reparación antes da chegada das choivas.

Dá resposta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado de Obras, Servizos e Medioambiente.

3ª.- Pregunta pola situación na que se atopa a reparación da avenida de Sada y sus Contornos.

Dá resposta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado de Obras, Servizos e Medioambiente.

A sra. Arias Ferreiro (PP) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta se se están a tomar ou hanse tomar medidas para evitar os actos vandálicos que se están a suceder e con relación a outros aspectos que teñen que ver coa seguridade cidadá, en particular no que atinxe á noite.

Contesta a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal. Intervenien tamén a propia sra. Arias e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

2ª.- Aludindo ao posto de traballo vacante do vixiante, pregunta tamén pola seguridade e organización do chamado *Feirón* dos sábados.

Dálle resposta a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal.

3ª.- Pregunta con respecto dos contedores do lixo se ademais doutras medidas se se podería tamén mudar a localización dos que afecten os locais de alimentación ou restauración ou minimizar o seu impacto visual con camuflaxe ou embeledores, mesmo aproveitando que hai axudas da Xunta para combater o *feísmo*.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado de Obras, Servizos e Medioambiente.

4ª.- Pregunta con respecto dunha presunta desigualdade na inversión nos centros educativos relativa ao pagamento dos autobuses.

Dá resposta a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada de Deporte, Educación e Xuventude. Intervén por alusións a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), facendo aclaracións. Intervén tamén a propia sra. Arias.

5ª.- Pregunta pola situación na que se atopa actualmente a ampliación do colexio de *Sada y sus Contornos*.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM). Intervén tamén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), facendo aclaracións.

Na súa quenda, a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) refírese o tratado como dación de contas no punto 4º.A, relativo á piscina municipal e á situación da concellería de Cultura, o que na súa opinión foi máis unha xustificación que unha dación de contas, facendo aclaracións para os efectos do que foi exposto no dito punto.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), entra en debate coa sra. Nogareda; intervén tamén o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado de Cultura e Normalización Lingüística.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) roga, como cuestión de orde, que se respecte a Orde do día, que no que se está é na quenda de rogos e preguntas e o que se estivo a ver agora foi máis ben como unha partida de tenis que non se corresponde con rogos e preguntas e que lle parece que é unha falta de respecto a todo.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000012

A sra. Nogareda Marzoa acláralle en resumo que o que a ela si lle parece que é unha falta de respecto é non permitirlle dar a súa versión ás persoas sobre das que se está a falar da súa xestión, falta de respecto que o é tamén á cidadanía, que en definitiva ten dereito a saber o que pasou por se tratar de cartos públicos.

O sr. Villar López (SM) manifesta que concorda co sr. Graña, que dende o seu grupo municipal tratarán de mellorar e descúlpase. Intervén no mesmo sentido o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Taibo Fernández (SM), en relación co rogo anterior do sr Graña, roga que se esixa o cumprimento do ROM en canto ás intervencións nos rogos e preguntas a todos os grupos por igual, pois di que non se decatou de cantos rogos ou preguntas fixo a sra. Nogareda.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 26 minutos do día xoves 27 de xullo do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.